



RESOLUCIÓN REITORAL DO 30 DE AGOSTO DE 2016 DA UNIVERSIDADE DE VIGO POLA QUE SE MODIFICA O MODO PAGAMENTO DETERMINADO NO PUNTO 3 DA BOLSA ERASMUS + ESTUDOS PARA ALUMNADO DE DOUTORAMENTO CON CHINA (RR DO 19/01/2016).

Unha vez recibida comunicación por parte do SEPIE de que as opcións para realizar o primeiro pagamento das axudas con cargo aos proxectos KA107 da convocatoria nacional 2015 (á pertence este proxecto) serán unicamente do 50% do 70% ou do 100% , sen que sexa posible elixir outras porcentaxes incluídas no rango definido.

Esta reitoría

RESOLVE

Modificar o último parágrafo da convocatoria onde se indicaba o seguinte:

"A axuda aboarase en dous prazos. O primeiro prazo que incluírá o 80% da axuda de estadía e a axuda íntegra de viaxe, ingresarase ao beneficiario unha vez confirmada a chegada ao destino. Un segundo pagamento polo 20% restante, realizarase ao finalizar a estadía , tras a entrega da documentación xustificativa."

Que queda redactado do seguinte xeito:

A axuda aboarase nun único pagamento que incluírá o 100% da axuda de aloxamento e manutención e o 100% da axuda de viaxe. As condicións financeiras e de pagamento da axuda veñen especificadas con detalle nas cláusulas 3 e 4 do dito convenio. A contía ingresarase tras a recepción do certificado de chegada, sen prexuízo das devolucións que poidan proceder ao remate da estadía de acordo coa cláusula 3.6 do convenio e no punto 10 das bases da convocatoria.

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, o/a interesado/a poderá optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá a interposición do recurso contencioso-administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O REITOR

Por Delegación (R.R. do 07/05/2014)

O Vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais

Manuel J. Fernández Iglesias



DILIXENCIA para facer constar que esta Resolución publícase con esta data no taboleiro desta Universidade.
Vigo, 30 de agosto de 2016

A xefa de negociado da Unidade de Relacións Internacionais
Henar Quintas Salgado.